

**17.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE ABRIL DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 16/2016 DE 11 DE ABRIL DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 16/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- PROXECTO DE URBANIZACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse aprobar inicialmente o **PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DE REPARTO AR-MP12 (REFUNDIDO) DO P.X.O.M. DE LALÍN**, de data 2016, redactado polo arquitecto José Luís Varela

Varela e promovido por PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA S.L., e someter o citado proxecto de urbanización a información pública, polo prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, nun dos periódicos de maior circulación na provincia e no taboleiro municipal de edictos.

### **3.- LICENZA DE OBRA.**

**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para acondicionamento de local para uso de venda de mobles na rúa Corredoira, 29 – Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 12/04/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 444,92 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.**

**4.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización da rede eléctrica de baixa tensión na fronte dos números 10 e 12 da rúa Principal de Lalín e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 11/04/16 por importe de de 72,81 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Tamén consta no expediente a constitución de fianza na Tesourería Municipal por importe de 1.000 euros.

**4.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para instalar unha canalización de auga en Carrofeito – Lebozán – Lalín e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/04/16 por importe de de 1,50 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **5.- DECLARACIÓN DE DISENTIMIENTO.**

**5.1.-** Acordouse declarar o **disentimento da solicitude de licenza** para a instalación de explotación avícola e de porcino en Outeiro – Filgueira – Lalín e proceder ao arquivo do expediente.

**5.2.-** Acordouse declarar o **disentimento da solicitude de licenza** para construcións de corte vacún de leite e fosa de xurro cuberta en Cangas, 11- Lalín e proceder ao arquivo do expediente.

**5.3.-** Acordouse declarar o **disentimento da solicitude de licenza** para ampliación e reforma de cortes de vacún en Loucenzo, 20 - Cercio – Lalín e proceder ao arquivo do expediente.

**5.4.-** Acordouse declarar o **disentimento da solicitude de licenza** para reforma de alpendre e cortes de vacún en A Cruz, 14 – Santiso Lalín e proceder ao arquivo do expediente.

**5.5.-** Acordouse declarar o **disentimento da solicitude de licenza** para ampliación de explotación gandeira en Castro de Cabras- Lalín e proceder ao arquivo do expediente.

## **6.- INFORMES PREVIOS.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal de data 14 de abril de 2016:** “INFORME TÉCNICO PARA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS PREVIAS A XUNTA DE GALICIA PARA ACOMETER AS OBRAS DO PROXECTO DE “DOTACIÓN DE ÁREAS DEPORTIVAS E DE OCIO EN POZO DO BOI –VILATUXE-, E ANZO”, LALÍN, e notificar este acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

**6.2.-** Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, de data 4 de abril de 2016,** examinada a petición formulada por Augas de Galicia, a instancias da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, para o peche e abandono da explotación mineira Mina recuperada en Monte Trigueira, na parroquia de Zobra, e notificar este acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

**6.3.-** Acordouse **aprobar o informe técnico municipal, de data 4 de abril de 2016,** examinada a petición formulada por Augas de Galicia, para concesión dun caudal de auga, procedente de dous pozos, no lugar de Santa Eulalia – O Corpiño, Losón; e notificar este acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

## **7.- INFORMES URBANÍSTICOS.**

**7.1.-** Acordouse **aprobar os informes municipais** seguintes: INFORME DO INSPECTOR XEFE DE OBRAS DE DATA 05/04/16 e o INFORME DO ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL DE DATA 06/04/16, solicitados por interesado para que se declare que non existe infracción urbanística nos últimos 6 anos dunha edificación no lugar de Mato, 15– Cercio, e aprobose a liquidación

realizada pola Intervención Municipal de data 12/04/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

## **8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

## **9.- LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.**

**9.1.-** Acordouse conceder **LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS**, e inscribir ao animal no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín.

## **10.- CONVENIOS DE COLABORACIÓN.**

**10.1.-** Acordouse aprobar o **Convenio coa Asociación de enfermos de alzhéimer e outras demencias da Provincia de Pontevedra.**

**10.2.-** Acordouse aprobar o **Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín-Deza** para a celebración do XXIIº Rali do Cocido.

## **11.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**11.1.-** Acordouse a **devolución de aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de **5.170,00 €**, como garantía para responder da obra “Abastecemento a Puxallos e mellora da rede viaria en Madriñán e Santiso” e proceder á súa cancelación.

## **12.- FACTURAS E CONTAS.**

**12.1.-** Acordouse a **aprobación da seguinte relación de facturas:** nº 00048 por importe de 34.384,74 €, nº 00049 por importe de 231,55 €, nº 00050 por importe de 28.487,77 €, nº 00051 por importe de 462,98 €, e nº00052 por importe de 68.497,81 €; e o recoñecemento da obriga por un **importe total de 132.064,85 €**. Así mesmo acordouse proceder a reclamar a Espina & Delfín o importe de 694,53€ correspondente ás relacións **nº00049:** 231,55 e **nº 00051:**

462,98 €, así como requirirille o cambio de titular nos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepcionadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

### **13.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**13.1.-** Acordouse autorizar a **adscrición á licenza de taxi nº 4** do vehículo de nova adquisición tipo turismo marca CITRÖEN, modelo C-4 PICASSO e proceder á súa anotación no Libro Rexistro correspondente.

**13.2.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 08/2016**, con carácter provisional ata o 18/04/2017.

**13.3.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 175 € a aboar en efectivo.

**13.4.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 156,03 € a aboar ao propietario da vivenda.

**13.5.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade á persoa solicitante por importe de 150 € a aboar en efectivo.

**13.6.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar ao arrendador da vivenda.

**13.7.-** Acordouse aprobar a BAIXA no **Servizo de axuda no fogar** no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a persoa usuaria. Así mesmo acordouse aprobar a AMPLIACIÓN horaria, do Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a persoa beneficiaria, e a ALTA no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a persoa beneficiaria.

**13.8.-** Acordouse realizar a solicitude á Consellería de Política Social para o uso das seguintes instalacións co fin do desenvolvemento dos Campamentos no Mar 2016 do Concello de Lalín:

- **Campamento Xuvenil Illa de Ons-Bueu nas datas do 10-17 de agosto de**

**2016, para un total de 60 prazas.**

**- Campamento Xuvenil Illa de Ons-Bueu, nas datas do 18-29 de agosto de 2016, para un total de 60 prazas.**

Así mesmo acordouse autorizar unha retención de crédito pola utilización do campamento por importe de **6.750 €**.

**13.9.-** Acordouse aprobar a liquidación correspondente ao 2º semestre do ano 2015 do **Canon do Parque Eólico Singular** de Lalín por importe de **31.185,51 €**.

**13.10.-** Acordouse **aprobar a conta xustificativa** da documentación que se xunta á solicitude de pagamento da subvención, sendo os custos efectivamente realizados, segundo custo unitario os seguintes:

- Numero de horas efectivamente traballadas no CIM no período 1/12/2014 a 30/11/2015, 6.092, sendo o custo segundo horas efectivamente traballadas no CIM **107.598,8 €**.

- Numero de horas efectivamente traballadas no CIM no período 1/12/2015 a 31/03/2016, 2.222, sendo o custo segundo horas efectivamente traballadas no CIM **39.237,2 €**.

#### **14.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**14.1.-** Acordouse a **corrección dos erros** recollidos na acta da Xunta de Goberno Local do día 1 de marzo do 2016 nas solicitudes de postos de venda ambulante para o ano 2016.

**14.2.-** Acordouse a **corrección dos erros** recollidos na acta da Xunta de Goberno Local do día 15 de febreiro do 2016 nas solicitudes de postos de venda ambulante para o ano 2016.

#### **15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**15.1.-** Acordouse **informar favorablemente a celebración da proba denominada XXIIº Rally do Cocido**, organizado pola Escudería Lalín-Deza, no que se refire ao percorrido polas rúas e estradas do Concello de Lalín, e que terá lugar os vindeiros días 22, 23 e 24 de abril de 2016.

**15.2.-** Acordouse conceder **autorización municipal** para colocar unha mesa na beirarrúa diante do meu negocio o día 23 de abril de 2016, por mor da celebración do Día Internacional do Libro.

**15.3.-** Acordouse **denegar copia do expediente pero sí outorgar acceso ao mesmo para o seu exame** ao solicitante, que en calidade de titular da finca denominada A Restra, sita no lugar de Val, parroquia de Val do Carrio, polígono 20, parcela 552, solicitou copia do expediente aperturado para a execución das obras en camiño público, nas que poida verse afectada a parcela da súa propiedade.

**15.4.-** Acordouse conceder **autorización municipal**, para o uso da explanada do Centro Comercial e de Ocio Pontiñas de Lalín ás 9:30 horas situándose a meta no mesmo lugar. A duración da proba será de 5 ou 6 horas e a entrega de premios está programada ás 15:30 para a realización dunha proba deportiva de ciclismo na modalidade de montaña, que terá lugar o día 24 de xullo de 2016, baixo a denominación de Lalín Bike Race, proba puntuable para o Open de Galicia de Btt Maratón, competición organizada pola Federación Galega de Ciclismo.

**15.5.-** Acordouse **concederlle a un traballador do Concello de Lalín**, o abono da cantidade de 60,00 euros, en concepto de dereitos de inscrición o día 1 de abril de 2016, na *Xornada sobre a Nova Lei do Solo de Galicia*, celebrada no Paraninfo da Universidade da Coruña.

**15.6.-** Acordouse **concederlle á persoa solicitante** con domicilio na rúa da Ponte, núm. 27- Lalín, como Presidenta da Comunidade de Propietarios e ao ser parte interesada nun expediente de reposición da legalidade e noutro de legalización da actividade exercida no baixo dese inmovible pola entidade “R, Cable y Telecomunicaciones, S.A” (exp. 8357), **a obtención de copias do expediente, salvo do proxecto.**

-----